COUSANOSA

ECO-EXPERIENCIA

NADA SE PERDE, TODO SE TRANSFORMA

Localización
O Barco de Valdeorras

Dispoñibilidade
Xoves e venres todo o ano a excepción do mes de agosto, previa reserva. (exceptuando fins de semana longas, feriados)

Duración
4 horas de 9:30 a 13:30 (flexible)

Grupos
Mínimo 6 persoas, máximo 8 persoas (só grupos)

Reservas
Con 72 hs de antelación con depósito de garantía de 50€

Equipamento
Traer roupa cómoda, fácil de limpar, de traballo

Inclúe

> Clase impartida por unha artista plástica.
> Todos os materiais necesarios (lousa, pinturas, vernices e ferramentas)
> Sesión educativa sobre a economía circular e o impacto da reciclaxe.

Descrición da Experiencia

No acolledor taller de Cousanosa, no centro do Barco, durante 4 horas, mergullarasche nunha experiencia creativa única, onde aprenderás a transformar un tronco de vide nunha lámpada e un anaquiño de lousa nun imán.

Traballaremos a reciclaxe con dúas dos elementos máis emblemáticos da zona, desde unha perspectiva patrimonial.

Cristina, ensinarache a aplicación de técnicas como o decoupage, acabados para a madeira e carpintería básica.

Este taller non só é unha experiencia artística, se non tamén unha oportunidade de aprendizaxe integral sobre creatividade e reciclaxe.



Prácticas ecoamigábeis:

> Uso de materiais recuperados: madeira reciclada e lousa.
> Aplicación de pinturas e vernices ecolóxicos a base de auga, sen disolventes tóxicos.
> Ferramentas e adhesivos de baixo impacto ambiental (colas sen químicos agresivos).
> Separación e reciclaxe dos refugallos xerados durante o taller.
> Reutilización de sobrantes de materiais en futuras actividades.
> Creación dunha estación de compostaxe para restos orgánicos.
> Fomento da filosofía “usar e reutilizar” para combater a cultura do “usar e tirar”.

COUSA NOSA

ECO-EXPERIENCIA

NADA SE PERDE, TODO SE TRANSFORMA







ESPACIO CREATIVO

Cousanosa

Tienda & Taller

DESDE 2012











+34 665 667 198

info@cousanosa.net

www.cousanosa.net

artesaniacousanosa

cousanosa_obarco

XEODESTINO Trevinca Valdeorras

DEPUTACIÓN OURENSE

inorde Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico

OU OURENSE

galicia

XUNTA DE GALICIA